

Área de compostaxe da UDC

compostaxe de residuos orgánicos do comedor universitario

A compostaxe é unha práctica que ten como finalidade a xestión dos residuos orgánicos, sen necesidade de recollida nin transporte, converténdoo nun fertilizante orgánico



1

Botar no composteiro os residuos orgánicos da cociña (cortados en anacos pequenos). Mesturar ben coa capa superior.



2

Cubrir os restos de comida cun volumen similar de material estruturante (follas, herba seca, restos de poda picados etc).



3

Cada certo tempo, mesturar máis a fondo, e engadir auga se se ve necesario.



4

Despois de 4- 6 meses, teremos o compost feito na parte de abaixo.

E A CULTIVAR!



Materiais que non se deben engadir

- Materiais que aínda que sexan orgánicos teñan substancias contaminantes (produtos químicos, vernices etc.)
- Excrementos de cans, gatos e persoas
- Residuos de plásticos, vidro, papel, aluminio etc.



Elementos que se poden compostar

- Restos de comida
- Pousos do café
- Excrementos de animais: galiñas, coellos...
- Restos de podas de árbores e arbustos (mellor triturados)
- Flores, herba e restos de plantas
- Follas
- Restos de horta ou froita
- Algas
- Pelo (non tinxido)
- Cunchas (mellor trituradas)

